



BASES DOS II PREMIOS MIL PRIMAVERAS A PROXECTOS DE POSTA EN VALOR E FOMENTO DO GALEGO (reinicio da edición de 2020)

1. Obxecto

A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) convoca os **II Premios Mil Primavera**, coa finalidade de **valorar, recoñecer e visibilizar accións, campañas, programas e proxectos** que teñen como obxectivo principal a posta en valor e o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio, en xeral ou en ámbitos determinados. Deste xeito, preténdese **recoñecer e proxectar o traballo ben feito no ámbito da normalización lingüística**, valorar e difundir proxectos positivos e seleccionar boas prácticas que poden servir como modelos.

2. Proxectos participantes

Poden optar a estes premios todas as **accións, campañas, programas e proxectos que teñen como obxectivo principal a valorización e o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**, en xeral ou en ámbitos determinados, que foron e/ou son desenvolvidos por servizos de normalización lingüística de administracións públicas e entidades privadas, por equipos de normalización e dinamización da lingua galega dos centros de ensino e por asociacións ou outras entidades públicas ou privadas, e **que tivesen vixencia**, total ou parcialmente, en **2018, 2019 e/ou 2020**.

Nos Premios Mil Primavera **non se admiten proxectos aínda sen executar**. Tampouco se poden presentar aos II Premios Mil Primavera proxectos que xa foran recoñecidos na primeira edición.

3. Categorías

Os premios que se concederán serán os seguintes:

- **Premio ao mellor proxecto estabilizado**

Escollerase entre aqueles que se leven desenvolvendo durante, polo menos, cinco anos.

- **Premio ao mellor proxecto novo**

Escollerase entre aqueles nados en 2018 ou despois.

- **Premio á mellor comunicación e impacto**

Escollerase entre aqueles que acadaron un grande impacto social e que supuxesen un modelo positivo de comunicación.

- **Premio ao proxecto máis innovador**

Escollerase atendendo á innovación da súa maneira de intervir, da súa linguaxe, do seu ámbito de actuación etc.

- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego na infancia e/ou mocidade**

Escollerase entre aqueles que teñen como obxectivo principal a socialización en galego da infancia ou da mocidade, como poboación destinataria prioritaria na normalización lingüística para garantir o futuro da lingua.

- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego nun ámbito sectorial (por exemplo, no ámbito socioeconómico, no das novas tecnoloxías, no audiovisual etc.)**

Escollerase entre aqueles que teñen como obxectivo principal a procura do incremento do uso e/ou prestixio do galego nun ámbito sectorial concreto.

4. Método de inscrición

A inscrición de proxectos para optaren aos premios debe facerse a través do formulario habilitado para tal efecto no sitio web www.milprimaveras.gal (sección "Inscricións").

A inscrición ten que facela a entidade responsable da acción, campaña, programa ou proxecto, que deberá detallar os **aspectos técnicos da súa planificación, xestión, execución e avaliación**. Cada acción, campaña, programa ou proxecto debe ser **inscrito/a por separado** polas entidades, servizos de normalización lingüística, equipos de normalización e dinamización da lingua galega, asociacións etc., que poderán rexistrar tantas propostas queiran, sempre que sexan da súa responsabilidade e cumpran cos requisitos da convocatoria.

No documento que describa o proxecto de forma detallada deben incluírse, polo menos, as seguintes **epígrafes**:

- Obxectivos xerais e específicos

- Persoas destinatarias
- Temporalización
- Necesidades e recursos
- Accións, medidas e actuacións concretas
- Avaliación

A inscrición de cada proposta faise de maneira xeral aos premios, non a unha categoría concreta. Será o xurado, durante a súa deliberación, o que determine a que categorías pode optar cada unha das propostas presentadas.

Os **proxectos** que resulten **premiados publicaranse** na sección "Proxectos premiados" do web www.milprimaveras.gal **tal e como foron subidos polas entidades responsables** deles.

5. Prazo de inscrición

Logo de que o primeiro período de inscrición fose interrompido o 17 de marzo de 2020, retómase o **prazo** para inscribir propostas **desde o 27 de outubro de 2020 até o 31 de xaneiro de 2021**.

Os proxectos xa presentados no período inicial de inscrición manteranse como candidatos e **non terán que inscribirse no novo prazo**, salvo que as entidades responsables decidan modificalos ou actualizalos. Neste caso, terán que subir de novo o proxecto á plataforma e só se terá en conta a versión máis recente.

6. Xurado e selección de proxectos premiados

O xurado estará formado por técnicos/as de normalización lingüística e persoas con recoñecida capacidade en ámbitos como a planificación lingüística, a intervención social, a xestión de proxectos sociais e/ou a comunicación, e será nomeado pola CTNL.

Ademais dos aspectos específicos que lle corresponden a cada categoría, para a selección dos proxectos premiados **o xurado terá en conta:**

- A calidade da planificación do proxecto, coa axeitada determinación de obxectivos, destinatarios/as, accións, necesidades e recursos, temporalización etc.
- A execución e desenvolvemento adecuado das medidas e actuacións.
- A innovación do proxecto, a capacidade de incidencia e o impacto positivo para a lingua.
- A calidade e atractividade da comunicación, deseño, imaxe, materiais, etc.
- A axeitada avaliación.
- A eficiencia do proxecto.

7. Premios

En cada unha das categorías recoñecerase unha acción, campaña, programa ou proxecto. O premio consistirá no **recoñecemento e visibilización do proxecto como modelo positivo para o traballo en normalización lingüística**, non terá dotación económica e a cada proxecto seleccionado entregaráselle un galardón identificativo do premio.

O **acto de entrega** de premios terá lugar nunha data e nun lugar que se determinará con suficiente antelación. A relación de proxectos premiados darase a coñecer con antelación a ese acto. As entidades responsables dos proxectos premiados comprométense a asistir a el.

8. Base final

A participación nestes premios supón a aceptación de todas as condicións e o permiso para, desde a organización, difundir os proxectos galardoados.

Convoca:



Colaboran:

